

A Aula de Teatro Quartoescuro presenta "**A importancia de chamarse Dolly Wilde**", finalista do Premio na Vangarda 2004 convocado pola Xunta de Galicia.

#### **SINOPSE**

**A importancia de chamarse Dolly Wilde** é unha obra humana, ambientada nos derradeiros anos vinte, que fala sobre os intentos dun grupo de mulleres de facerse valer nun mundo cultural e artístico que non as considera. Entre elas, Dolly Wilde, marcada polo estigma de ser a sobriña de Oscar Wilde e estar baixo a mirada perpetua dunha clase alta e estirada, que fan que Dolly teña que poñerse unha máscara para afrontar o mundo cada mañá e pouco a pouco perderse a si mesma.

**A importancia de chamarse Dolly Wilde** é unha obra escrita por Carlos Gulías e Rut Briones (Redactora no Diario de Pontevedra) sobre un argumento de Ángel Seoane. Dirixida por Carlos Gulías, cun reparto integrado por un plantel de dez actores e cunha banda sonora creada especialmente para a montaxe por Piti Sanz (Premio Mestre Mateo do Audiovisual 2003 por Terras de Miranda e o María Casares no ano 2000 pola mellor composición para a escea, entre outras mencións) e Lucas Rey. A dirección artística da montaxe está realizada por Ángel Seoane (Licenciado en Publicidade, Relacións Públicas e director de varias curtametraxes)

#### CARACTERÍSTICAS DA MONTAXE:

- Idioma: Galego
- Recomendada para tódolos Públicos
- Duración 80 minutos
- Necesidades de espazo 5x9x5 (con posibilidades de adaptación)
- Caixa Negra
- Tempo de Montaxe 5 horas. Desmontaxe: 1 hora
- Potencia 10000W.

Representada con éxito de público e crítica no Salón Teatro de Santiago de Compostela, no Teatro Principal de Pontevedra, no Auditorio Caixanova de Vigo, na Casa da Cultura de Vilagarcía, Casa da Cultura da Estrada, e en diversas Facultades das Universidades de Vigo e Santiago de Compostela.



ELENCO ARTÍSTICO:

OSCAR WILDE: ÁNGEL SEOANE SUÁREZ  
DOLLY WILDE: TATI GARCÍA GOZÁLEZ  
ALLA NAZIMOVA: LORETO SANTOS MOSQUERA  
JANET FLANNER: SONIA GARCÍA VIDAL  
NATALIE CLIFFORD: PATRICIA MARTÍNEZ CUETO  
PIERRE: CARLOS MIER FERNÁNDEZ  
ISADORA DUNCAN: CARMEN LÓPEZ GARCÍA  
BERTHA: RAQUEL ÁLVAREZ VÁZQUEZ  
DJUNA BARNES: UXÍA CASIDE BLANCO  
RENNÉ VIVIEN: BEATRIZ LOSADA BOBILLO

PERSOAL TÉCNICO:

PRODUCCIÓN: A.X.QUARTOESCURO  
ILUMINACIÓN: ANGEL SOUSA  
SON: CARLOS GULÍAS  
DIRECTOR DE ARTE: ÁNGEL SEOANE  
MÚSICOS: FERNANDO LUCAS REY RAMOS E PITI SANZ

GUION ORIXINAL: RUT BRIONES + CARLOS GULÍAS  
ARGUMENTO: ÁNGEL SEOANE  
DIRECTOR: CARLOS GULÍAS

CUSTO DA MONTAXE: 540 euros, IVE INCLUIDO

Custo orientativo da entrada (media das representacións realizadas)

A IMPORTANCIA DE CHAMARSE DOLLY WILDE..... 4 euros

Máis información sobre a produción e vídeo da montaxe A IMPORTANCIA DE CHAMARSE DOLLY WILDE, na páxina web: [www.quartoescuro.org](http://www.quartoescuro.org), no e-mail [info@quartoescuro.org](mailto:info@quartoescuro.org) ou no teléfono 639.004.178